



## ACORDO DE PUBLICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR A MATRICULA UNIVERSITARIA

Por Resolución do 13 de xaneiro de 2021 da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de duascentas (200) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de Máster que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega.

Unha vez publicados polas tres universidades galegas os calendarios de preinscrición e matrícula para realizar estudos de máster no curso 2021/22, de conformidade co artigo 16.2 da Resolución da dita convocatoria, establécese o prazo para que as persoas que figuren na lista definitiva de candidatos e na de suplentes acrediten estar matriculadas nun dos másteres que se ofertan nesta convocatoria de bolsas.

Polo exposto,

ACORDO:

Que o prazo para acreditar estar matriculadas nun dos másteres ofertados, mediante a achega do xustificante de matrícula, rematará o día **5 de agosto de 2021** ás 23.59 horas (hora peninsular española).

Que se publique este prazo na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración, (<http://www.emigracion.xunta.gal>)

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral da Emigración  
(asinado dixitalmente)

Antonio Rodríguez Miranda

